

PROGRAMA EDUCATIVO CHORUS

ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA PARA CENTROS DE ENSINO (OUTUBRO A XUÑO-
CURSO 2026/2027)



Concello da Coruña

TIPO DE ACTIVIDADE: complementaria.

SERVIZO MUNICIPAL: educación.

TITULARIDADE DO CENTRO: público, concertado, privado.

A QUEN VAI DIRIXIDO? Profesorado de música e alumnado con idades entre os 8 e os 14 anos. Non obstante, poderanse crear grupos mixtos (14 a 17 anos).

PREZO: gratuíto.

PERIODICIDADE: de outubro a xuño.

OBXECTIVO: formación de coros infantís/xuvenís de nenas e nenos.

Aprendizaxe de canto coral das nenas e nenos coa participación, o 10 de xaneiro de 2027, nun concerto no Coliseum da Coruña, coa **Orquestra Sinfónica de Galicia e a Xoven Orquestra Sinfónica de Galicia**.

Realizarase, tamén, un concerto de fin de curso no Palacio da Ópera.

CHORUS é un programa educativo e cultural promovido polo Concello da Coruña que se iniciou no curso 2025/2026 cun gran éxito de participación. Nesa edición realizouse soamente nos colexios, en horario lectivo. Ademais, fixéronse ensaios conxuntos dos colexios participantes no Conservatorio Superior de Música e Conservatorio Profesional de Música, así como Palacio da Ópera e Coliseum. O programa concluíu no Coliseum cun concerto diante de 7000 persoas espectadoras, o día 11 de xaneiro de 2026.

Participaron 12 colexios, 550 coralistas, Orquestra Sinfónica de Galicia e Xoven Orquestra de Galicia, Coro GAOS e Mini GAOS e o Coro da Xoven Orquestra.

O programa realizase baixo a supervisión do Concello da Coruña e coa coordinación de Fernando Briones.

Pódese ver un vídeo resume no QR que se achega.



Nesta edición (curso 2026/2027) colaborase cos colexios e IES, así como coa Federación Provincial de ANPAS introducindo o programa nas actividades extraescolares co fin de facilitar a participación das nenas e nenos que así o desexen. **Polo tanto, a formación dos coros realizarase tanto nas aulas como nas actividades extraescolares.**

COORDINACIÓN: Concellaría de Educación e Fernando Briones (profesor do Conservatorio Superior de Música, director titular da Orquestra e coro GAOS e creador do Musical Lúa, entre outros méritos).

SEMINARIO DIRIXIDOS AO PROFESORADO

CHORUS ofrece un **seminario intercentros de dirección de coral infantil** dirixido ao profesorado de música dos centros educativos, de 44 horas de duración, impartido por Fernando Briones e Elena Rosso.

Fernando Briones é catedrático de dirección do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Elena Rosso é titulada superior en piano e música de cámara. Especialista en coro infantil con numerosos premios nacionais e internacionais.

A formación será totalmente gratuíta para o profesorado participante en CHORUS. Realizarase nun centro de ensino da cidade da Coruña.

O Concello da Coruña está coordinado coa Consellería de Educación para a certificación do seminario a través do CFR.

No curso 2026/2027 duplicamos as horas de formación do profesorado, chegando a 44 horas en total.

A formación inclúe:

1. Sesión inicial dirixida exclusivamente ao profesorado de música, o día 10 de outubro (**8 horas**). Formación a cargo de Fernando Briones.

2. Sesións preparatorias de canto coral destinadas a profesorado e alumnado, de 1,5 horas de duración cada sesión: 17 de outubro 2026, 7 de novembro de 2026, 28 novembro de 2026, 12 decembro de 2026, 23 de xaneiro de 2027, 6 de marzo de 2027, 3 de abril de 2027, 15 de maio de 2027. **Total: 12 horas**. Formación a cargo de Fernando Briones, xunto cun equipo coordinado por el.

3. Accións formativas dirixidas ao profesorado e ao alumnado, impartidas por Elena Rosso os días 3 e 4 de abril de 2027 e 15 e 16 de maio de 2027. **Total: 24 horas**.

4. Ensaio nos propios centros de ensino (horario lectivo) a cargo do profesorado de música, coordinados por Fernando Briones.

5. E a participación en dous concertos: Coliseum e Palacio da Ópera. Concertos abertos ao público familiar onde os menores estarán acompañados pola OSG, Xoven OSG, Coro Xoven OSG, coro GAOS, Xoven GAOS e Mini GAOS.

O concerto terá un chamamento pola Paz e terá carácter solidario (recollida de material escolar para a Escola Coruña de Senegal).

DATAS DE INSCRIPCIÓN:

- Colexios interesados: do 1 ao 18 de setembro de 2026. A través de envío de correo electrónico a educacion@coruna.gal, manifestando o interese por participar no programa.
- Alumnado dos colexios interesados: do 21 ao 30 de setembro de 2026. Enviarase ficha aos centros interesados.

CENTROS PARTICIPANTES:

Aceptaránse todas as inscricións dos colexios da cidade. Tamén se aceptarán colexios da área metropolitana sempre e cando existan prazas vacantes.

O límite máximo de prazas no coro é de 2.500.

En todo caso, garántese a participación dos centros que participaron no curso pasado, con independencia do lugar onde estea localizado o centro de ensino.

CONTACTO:

Servizo Municipal de Educación

Tel. 981 184 200, ext: 10179

educacion@coruna.gal

MAIS INFORMACION:

Consulta o QR para ver un vídeo resumen do que fixeron as nosas nenas e nenos. Ou mira o concerto íntegro neste enlace:

<https://youtu.be/G6x8aEdpxSg?si=fMQnOlzdK3GMINEp>